



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

ACORDO DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA NOVE DE MAIO DO ANO DOUS MIL QUINCE

3.- ADHESIÓN Á REDE DE ENTIDADES LOCAIS PARA A TRANSPARENCIA E PARTICIPACIÓN CIUDADÁ DA FEMP

O Sr. Alcalde indica que todas/os teñen a súa proposta de acordo con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido:

"PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo do ver a comunicación da Federación Española de Municipios e Provincias, e que co fin de promover políticas de transparencia, participación e colaboración cidadá efectivas, aprobou na reunión da súa Xunta de Goberno celebrada o pasado 24 de febreiro de 2015, a constitución da "Rede de Entidades Locais pola Transparencia e Participación Cidadá", de conformidade co previsto nos Estatutos da FEMP.

Propóñolle ao Pleno da Corporación que adopte ou seguinte acordo:

Manifestar a vontade de adhesión deste Concello á "Rede de Entidades Locais pola Transparencia e Participación Cidadá" da Federación Española de Municipios e Provincias, como Socio Titular, de acordo co disposto no artigo 8 das Normas de Funcionamento e Organización da mesma e cumprir os seus fins estatutarios.

Monfero, 6 de maio de 2015

O alcalde

Benjamín Rodríguez Abad"

A continuación, o Sr. Alcalde, pregunta se hai intervencións. Non se produce ningunha relevante e anuncia que se vai someter a votación a súa proposta de acordo con respecto a este punto. Vótase e fano a favor todas as concelleiras e todos os concelleiros. Así pois, o Sr. Alcalde declara que a proposta queda aprobada por unanimidade.

O Alcalde,

